

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA
20 DE XULLO DE 2006.**

Presidente

Sr. Alcalde-Presidente
D. Xosé María Rivera Arnosó.

Asistentes:

D. Xosé A. González Tomé.
D. Manuel V. Pico Sanmartín.
D. Xosé María Permuy Martínez.
D. Andrés González Vizoso.
Dna. M^a Alicia Martínez González.
Dna. Rita María Couto Seijido.
D. Jorge L. Yáñez Fernández.
D. Carlos García Bermúdez.
D. Manuel A. Rodríguez Carballeira.
Dna. M^a del Carmen Goti Ramil.
Dna. M^a Purificación Rodríguez Rico.
Dna. M^a Isabel Blanco Pico.
Dna. Amalia Malvar Fernández.
Dna. M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez

Interventora accidental:

Dna. Milagros López Álvarez.

Secretaría accidental:

Dna. María Isabel Fernández Rivas.
Funcionaria do Concello.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as trece horas do día vinte de xullo de dous mil seis, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as concelleiros/as: D. Xosé A. González Tomé, D. Manuel V. Pico Sanmartín, D. Xosé María Permuy Martínez, D. Andrés González Vizoso, Dna. M^a Alicia Martínez González, Dna. Rita María Couto Seijido, D. Jorge L. Yáñez Fernández, D. Carlos García Bermúdez, D. Manuel A. Rodríguez Carballeira, Dna. M^a del Carmen Goti Ramil, Dna. M^a Purificación Rodríguez Rico, Dna. M^a Isabel Blanco Pico, Dna. Amalia Malvar Fernández, Dna. M^a Pilar Fornos Corral e D. Manuel Sánchez Martínez.

Non asiste, con escusa, D. José I. Puentes Rivera.

Asiste á sesión, a interventora accidental Dna. Milagros López Álvarez, e actúa como secretaria accidental, a funcionaria do Concello, Dna. María Isabel Fernández Rivas, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN COA AXUDA PRESENTADA Á ASOCIACIÓN COSTA ÁRTABRA PARA O PROXECTO "RECUPERACIÓN DE SENDEIRO PEONIL NO MONTE DE MARRAXÓN".

- 2 -

Dase conta da proposta formulada polo presidente da Comisión de Formación Ocupacional, Emprego e Promoción Económica que transcrita di:

“PROPOSTA Ó PLENO

D. Manuel Vicente Pico Sanmartín, presidente da Comisión de Formación Ocupacional, Emprego e Promoción Económica

PROPÓN:

Adoptar o acordo – en relación coa solicitude de axuda presentada ante a Asociación Costa Átabra relativo ó proxecto de “Recuperación de sendeiro peonil no Monte de Marraxón”, co número de expediente P-756-065 – de garantir a devolución da axuda que no seu caso se obteña no marco do Programa PRODER II, cos intereses correspondentes, no caso de que, antes de transcurrido o prazo de 5 anos dende a finalización do investimento previsto, a empresa Unión Fenosa, como propietaria de terreos nos que se executará o antedito proxecto, requira a reversión da cesión do uso e disfrute dos mesmos.”

Ábrese o debate (.../...)

Rematado o debate, polo Sr. Presidente sométese a votación ordinaria a proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: oito (8), dos/as señores/as Rivera Arnos, González Tomé, Pico Sanmartín, Permui Martínez, González Vizoso, Martínez González, Couto Seijido e Sánchez Martínez.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: oito (8) dos/as señores/as Yáñez Fernández, García Bermúdez, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, Rodríguez Rico, Blanco Pico, Malvar Fernández e Fornos Corral.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta anteriormente transcrita.

Ábrese o debate e intervén en primeiro lugar o Sr. Yáñez Fernández manifestando que neste punto se van abster porque como xa indicaron na Xunta de Portavoces, o proxecto da senda peonil parecía importante, e ademáis o contemplaba o seu programa electoral; que cren que era unha obra que se debería realizar, pero dende que a presentaron no Concello ante os medios de comunicación, cun proxecto e cun orzamento que se lles foi moitísimo das mans, que non se contempla facer nunha soa obra e ademáis agora, a última hora e a maiores, presentan este inconveniente que xurdíu con Fenosa; que en teoría non debería pasar nada, pero foron incapaces de asegurar que non ía a pasar nada e cren que foi unha auténtica chapuza como se densenrolóu todo e por iso se van abster.

De seguido intervén a Sra. Rodríguez Rico manifestando que se van abster posto que, -e con iso están de acordo co portavoz do PSOE-, dende que se iniciaron os trámites,

- 3 -

esta situación podería ser previsible e como lles parece todo un pouco celerado, se van abster.

A continuación intervén o Sr. Martínez Sánchez manifestando que van a votan a favor, porque aínda que é certo que existe un pequeno problema, eles cren que xa está solucionado nunha parte importantísima, porque si Unión Fenosa cada vez que pretenda facer unha ampliación, remisión ou toma de terreo, teñen que contar coa preceptiva autorización do Concello, dependendo de quen esté gobernando nese momento pode ser que non se de, porque non pode ir en contra de sí mesmo, nin contra os intereses do pobo, e por ese motivo van a votar a favor.

Acto seguido o Sr. Pico Sanmartín manifestando que é certo que este proxecto se alongou moito no tempo por moitas trabas burocráticas, que neste país seguénse a poñer para certas cousas, e que seguen tendo vixencia para todo e non hai maneira de superalas. Que non é certo o que dixo o portavoz do PSOE, que se fixeron 50 xestións con Unión Fenosa e cincuenta xestións con Costa Ártabra, e todo ten, o mesmo resultado, porque ninguén cedeu nin ninguén cede, así que houbo que tomar este acordo plenario precisamente para que Costa Ártabra nos financie o proxecto e saía a adiante.

O Sr. Yañez Fernández di que a verdade é que sempre ten a culpa outras administracións, que nunca é culpa do grupo de goberno cando non é a Xunta, é a Administración Central, a Deputación e agora é Fenosa, porque se o proxecto da senda peonil tiña todos eses problemas de antemán, cóllese outra alternativa porque debería habelas, porque no seu momento víronse moitas alternativas. Agora están deixando, como ven di o escrito, a espensas de que Fenosa nos próximos cinco anos non decida facer nada nesa zona porque senón terán que devolver o diñeiro que puxo Costa Ártabra máis os intereses, eso non lle parece que sexa serio nin para esta corporación, nin para as que veñan; que son excusas de mal pagador.

2º.- PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2006. ACTUACIÓN A REALIZAR, EN RÉXIME DE COOPERACIÓN, A TRAVÉS DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL.-

A Corporación Municipal, ante a notificación efectuada pola Consellaría Consellaría do Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos a obra de infraestrutura rural consistente en “*Plan de mellora de camiños rurais 2006 (Camiño de acceso a Prismos (Limodre)*”, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores e señoras asistentes, acorda aceptar a execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a:

- **Poñer a disposición da Consellaría do Medio Rural, libre de cargas e gravames todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar adiante a mesma.**
- **Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.**

- 4 -

- **Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.**

Facúltase ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.

“3º.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS REPRESENTANTES DE NAVANTIA SOLICITANDO DA EMPRESA UN PLAN DE FUTURO PARA FENE.

Antes de entrar no estudo do asunto, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da moción do asunto epigrafiado, sendo declarada de urxencia por unanimidade.

A continuación dase conta da moción presentada polos grupos políticos municipais PP, PSOE, BNG e EU, que transcrita literalmente di:

“MOCION

A etapa posterior á firma do Acordo SEPI - Sindicatos en decembro do ano 2004 para o Sector Naval público, que derivo una configuración do novo grupo naval (Navantia) e na disolución ordeada e privatización dos centros restantes de IZAR, se está a caracterizar por unha serie de incumprimentos que quedaban por desenvolver dende aquel acordo. Compromisos tanto por escrito como pola súa filosofía de fondo, que tiñan que derivar nun proceso de discusión sobre distintos aspectos que aínda quedaban por resolver:

- A prórroga dun ano dos Convenios de ámbalas dúas partes (Navantia e Izar) coa posibilidade dun 2º ano de prórroga como esquema máis convinte de cara a superar aquela crise e impulsar un necesario e convinte escenario de paulatina normalidade nas plantillas que beneficiase a estabilidade das empresas no curto prazo.
- A discusión dunha serie de mesas de negociación para tratar distintas materias de vital importancia (Industria Auxiliar, Prevención, unificación dos distintos marcos laborais, Formación, etc.).
- E por último o desenrolo dun deseño industrial para o grupo Navantia que pechase o debate sobre o futuro do grupo (inversións, saneamento financeiro, modelo industrial productivo, especialización, incorporación de xóvenes, etc.).

Dende hai meses a estratexia e posición da SEPI e da Dirección de Navantia están a ser insostibles, levando a unha crecente e nova conflictividade tanto nas dúas empresas (en totalas súas factorías) como no conxunto da Industria Auxiliar.

Ano e medio despois a SEPI está a levarnos a unha situación novamente insostible:

- Condicionando a resolución dos Convenios Colectivos, e das distintas mesas de negociación (Plan Industrial, Industria Auxiliar, Prevención, etc...) á resolución dunha saída para a privatización de IZAR que non se corresponde co acordo do ano 2004.

- 5 -

- Tomando decisións unilaterais, a través da Dirección de Navantia-Izar, en asuntos sobre carga de traballo, deseño industrial e de distintas políticas sen ningunha vontade de discutilas e acordalas como estaba prometido.
- Imprimindo unha política de prevención nefasta que trata de debilitar os distintos instrumentos que temos nestes momentos (impedindo a resolución dun único regulamento para o Grupo, cargándose servicios como o de bombeiros, sendo cicateiros nas necesidades de recursos materiais e humáns, e pretendendo cargarse ós representantes sindicais dos que nos dotamos os/as traballadores/as).
- E finalmente imprimindo unha política de subcontratación claramente discriminatoria e mesmo amiguista. Dando entrada a empresas que veñen da man política en detrimento doutras empresas que veñen desenvolvendo a súa actividade nas nosas factorías. Un feito que está a perxudicar a moitas empresas do ámbito comarcal con forte implantación no interno das factorías. Unha política que está a pasar factura ós/ás traballadores/as da Industria Auxiliar que se ven nun escenario de continuos movementos, traslados, merma das súas condicións e dereitos, e mesmo na situación dos seus contratos (coma no caso dos despedidos dos traballadores de Nervión), levando a un conflito semanal no seno da Industria Auxiliar.

Tendo en conta estas situacións o Pleno do Concello de Fene, a súa Alcaldía e o conxunto dos partidos políticos con representación no Concello queremos plantexar as seguintes cuestións:

- Esixir ao Goberno, SEPI e Navantia-Izar a inmediata solución a todos estes conflitos, e polo tanto a urxente reapertura das distintas mesas de negociación (Convenios Colectivos, Industria Auxiliar, Prevención, etc...).
- O desenrolo e avance das mesmas (en línea coas reivindicacións dos/as traballadores/as e dos seus representantes) que permitan o antes posible a solución das mesmas e a necesaria posta en marcha da negociación do Plan Industrial para Navantia.
- A retirada inmediata dos despedidos que están a afectar ós traballadores e traballadoras de Nervión, así como unha saída ó conxunto deste colectivo nun momento no que claramente se lles pode respetar os seus contratos, garantías e condicións.
- O noso compromiso de facer as xestións oportunas ante SEPI e Dirección de Navantia-Izar e dos distintos partidos políticos e Institucións para que todas estas cuestións que están a afectar de xeito importante a este sector, aos seus traballadores e traballadoras e a nosa Comarca, sexan discutidas tanto polo goberno central como polo goberno da Xunta nos seus distintos Parlamentos."

A Corporación Municipal, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores e señoras asistentes, acorda: prestar aprobación á moción anteriormente transcrita."

4º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA DE SAN CIBRAO-FERROL E A SÚA RÍA.

Dase conta do escrito remitido pola Secretaría Xeral da Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, comunicando que o vindeiro 26 de xullo

- 6 -

remata o mandato de 4 anos do vocal que representa a este Concello no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de San Cibrao-Ferrol e a súa ría, e que para os efectos de proceder a un novo nomeamento de acordo co establecido no artigo 40 da Lei 27/1992, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, solicitan que, no prazo máis breve posible se lles remita a correspondente proposta.

Así mesmo, polo presidente dase conta da proposta que se formula dende o grupo municipal do BNG de proceder á renovación do seu nomeamento, como vocal, en dito Consello, cargo que ven desempeñando ininterrompidamente até a data.

Ábrese o debate (.../...)

Rematado o debate, polo Sr. Presidente sométese a votación ordinaria a proposta formulada polo BNG de nomeamento de D. Xosé María Rivera Arnos, como vocal, no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de San Cibrao-Ferrol e a súa ría, co seguinte resultado:

Votos a favor: oito (8), dos/as señores/as Rivera Arnos, González Tomé, Pico Sanmartín, Permui Martínez, González Vizoso, Martínez González, Couto Seijido e Sánchez Martínez.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: oito (8) dos/as señores/as Yáñez Fernández, García Bermúdez, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, Rodríguez Rico, Blanco Pico, Malvar Fernández e Fornos Corral.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta de renovación do nomeamento de D. Xosé María Rivera Arnos, como vocal, no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de San Cibrao-Ferrol e a súa ría, por un período de catro anos.

Ábrese o debate e intervén en primeiro lugar o Sr. Yáñez Fernández manifestando que a verdade e que lle parece un despropósito que a nove meses dunhas eleccións municipais, haxa que renovar o nomeamento do representante do Concello na Autoridade Portuaria dentro dun contexto plenario. Neste caso, vanse abster porque parécelles ilóxico presentar agora un representante a nove meses das eleccións, aínda que sería unha decisión acertada; pero vanse abster en base a que están totalmente descontentos co traballo do alcalde na Autoridade Portuaria porque lles parece que Fene ten unha costa litoral moi importante, con proxectos moi importantes a nivel de Barallobre e Maniños, e concretamente no peirao de Perlío, e que están totalmente abandonados e non houbo por parte do representante do Concello de Fene na Autoridade Portuaria ningunha xestión que tivera uns resultados que se puideran valorar. Polo tanto, a nove meses, non van a presentar unha alternativa porque non ten sentido, pero tampouco van a aprobar a xestión do alcalde.

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente maniféstalle que non é o Concello de Fene o que elixe un representante agora; que son períodos de catro anos e que é agora cando a Xunta notificou que os catro anos rematan o día 26 deste mes e polo tanto hai que nomear a un novo representante, que o Concello non ten nada que ver.

De seguido a Sra. Rodríguez Rico manifesta que se van abster porque lles gustaría que houbera algo máis de consenso porque realmente é un tema que afecta a todos os grupos; pero que aínda que o portavoz do PSOE proteste porque se propón a renovación agora, os nomeamentos son cada catro anos, e os nomeamentos se poderían aprazar, porque outros nomeamentos foron aprazados no tempo e neste caso tamén se poderían aprazar até despois das eleccións municipais, para que así os períodos de tempo foran equivalentes aos períodos de goberno.

Acto seguido o Sr. Sánchez Martínez di que a EU-IU válelle calquera que fora -o alcalde ou outro membro do grupo de goberno-, -o concelleiro de urbanismo ou calquera outro do grupo que esté gberando nese momento-. Entenden que por funcionalidade ten que ser unha persoa do grupo de goberno; e discutir si o fixo ben ou o fixo mal sería unha cuestión que haberá que discutir noutro momento. Ademáis parécelle un momento axeitado porque de cara ao ano que ven, nas eleccións municipais pode haber resultados diferentes, pode gobernar un grupo, gobernar outro, que haxa unha coalición e parécelle correcto deixar o tema zanzado polo momento e que continúe o alcalde, e as persoas que estén nese momento que tomen as decisións que crean correctas.

O Sr. González Vizoso di que respecto das zonas portuarias do Concello de Fene, é falso que o Concello desatendera ou non fixera xestións para non mellorar as zonas portuarias do Concello de Fene; refírese primeiramente á zona portuaria Barallobre-Maniños onde se fixo unha actuación por parte da Escola Taller, onde se mellorou todo aquel entorno, que era un silveiral. Chegaron a un acordo coa Autoridade Portuaria, que tiña como presidente naquel momento a D. Vicente Irisarri, para cofinanciar o alumeadado público da zona portuaria e de pavimentación das rúas. Houbo unha actuación progresiva durante todos estes anos. Tamén é certo que hai un punto negro, o que non significa que o Concello non se preocupara, que é o tema de Fondomar. Había unha concesión por varios anos que rematou hai pouco tempo; houbo un litixio sobre ese tema; e houbo un cambio de usos por parte da Autoridade Portuaria, e mentres non houbera ese cambio de usos, non se podía facer ningunha actuación; quere dicir que toda esa preocupación fíxose a través do goberno municipal tendo como portavoz na Autoridade Portuaria ao alcalde. Notóuse un cambio importante co cambio de goberno na Xunta de Galicia. Ademáis confían plenamente na persoa de Vicente Irisarri; unha persoa moi relacionada co Concello de Fene e que sempre que se lle necesitou, correspondeu sempre con eles e confían plenamente nesa persoa, e que as promesas se convirten en feitos; e por suposto, a promesa é facer construcións, a creación dun porto deportivo e non so limitarse á zona de Barallobre, senón tamén está a falar do tema de Perlío. En canto ao tema de Perlío, o grupo de goberno presentou xa un plan. A todo eso hai que dicir que o Concello de Fene non ten representación na Autoridade Portuaria dende o ano 1979, senón que é cousa de hai cinco ou seis anos. Con isto quere demostrar a preocupación que sempre tivo o goberno municipal e neste caso o seu representante na Autoridade Portuaria, o alcalde, polas zonas portuarias. Non todas as zonas portuarias son propiedade da Autoridade Portuaria, hai zonas que pertencen á Xunta, e tamén se fixeron inversións importantes como foi o peirao de Maniños. Tamén lle recorda ao portavoz do PSOE como no orzamento do 2005 presentaron unha partida de tres millóns de pesetas para o derribo e iniciar o proceso; que a Autoridade Portuaria vira unha actuación por parte do Concello de Fene e dixeron que eles non consideraban

- 8 -

prioritario as actuacións nos portos. Sorprendéulles moitísimo cando de súpeto apareceu na prensa como salvador e defensor do porto de Barallobre e de Perlío, que por dicir, non sabe si os coñecerá.

O Sr. Yañez Fernández di que é imposible que apareza como salvador pero que de todas formas levan dezasete anos prometendo un pantalán para Perlío e os veciños seguen esperando. Cre que iso se podería ter resolto nestes dezasete anos. En canto ao tema de Barallobre e Maniños está agora encauzado, agora que se tomou un acordo serio sobre o seu futuro, cun anteproxecto, cun estudo de usos sobre a zona e non aquela cousa propagandística que presentaron sobre a zona no seu momento. Pero de todos modos non quere aparecer como salvador de nada, porque xa hai bastantes salvadores neste equipo de goberno.

O Sr. Gonzalez Vizoso manifesta que está confundindo os termos. Para facer un cambio de usos, primeiro hai que facer unha modificación urbanística. Non é unha cousa da noite para a mañá; un cambio de usos non é cambiar un proxecto de Cesar Portela por outro proxecto que o faga quen sexa; é facer un cambio de usos que ten que facer a Autoridade Portuaria. Esa era unha zona que estaba como zona industrial e que solo se podía levar alí industrias. A negativa de sempre dos presidentes da Autoridade Portuaria negándose rotundamente a reconvertir esa zona en zona recreativa. Houbo que facer unha revisión urbanística. Aparte diso, houbo unha concesión até o ano 2002 a unha empresa, polo tanto o Concello non podía actuar se a Autoridade Portuaria non rescinde a concesión. Ademais da concesión houbo un litixio cos propietarios da concesión que demandaron á Autoridade Portuaria. Polo tanto, dende logo a idea e as ganas as tiveron sempre presentes neste Concello; pero tamén na política hai momentos mellores e peores, e dende logo a actuación co presidente de Portos de Galicia; xa tiveron negociacións coa Autoridade Portuaria; os adoquíns viñeron da Autoridade Portuaria, o alumeado público cofinanciouno a Autoridade Portuaria, digamos, que aportou diñeiro á Escola Taller para facer o paseo marítimo. E de feito hai unha concesión, un permiso por parte da Autoridade Portuaria naquela zona; a zona pequena onde están os banquillos son unha concesión da Autoridade Portuaria. Así que as cousas hai que coñecelas para analízalas e para tomar unha decisión política; non se poden tomar decisións alegremente.

O Sr. Alcalde- Presidente di que tamén houbo unha actuación cando estaba Guillermo Romero, no porto de Perlío, por parte de Portos de Galicia.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas e vinte minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta e dando fe do lugar, data, hora, asistentes, comezo e fin da sesión a secretaria accidental e funcionaria do Concello, Dña. María Isabel Fernández Rivas.

O presidente,

A secretaria acctal.,

Asdo: Xosé María Rivera Arnoso.

Asdo: María Isabel Fernández Rivas.